
ACTA DA SESION CONSTITUTIVA DA CORPORACION MUNICIPAL QUE TIVO LUGAR O DIA DEZASETE (17) DE XUÑO DE 2023

No salón de actos do Centro Cultural “A Fábrica”, sito en Perillo (Oleiros), sendo as 12:10 horas do día 17 de xuño de 2023, ten lugar a sesión de constitución da Corporación municipal elixida nas pasadas Eleccións Locais que tiveron lugar o derradeiro 28 de maio de 2023.

Asisten os seguintes membros electos da Corporación:

- D. Ángel García Seoane (AV).
- D^a M^a José Varela Neira (AV).
- D^a Margarita Figueroa Vázquez (AV).
- D. Pablo Cibeira Taboada (AV).
- D^a Aurora Belén Taboada Casal (AV).
- D^a M^a Teresa Vázquez Maseda (AV).
- D^a M^a José Santos Zas (AV).
- D. Antonio Molinos Marcote (AV).
- D^a Rosa M^a Méndez Gómez (AV).
- D. Jaime Rumbo Mosquera (AV).
- D^a Sandra Fernández Fernández (AV).
- D^a Marta M^a Martínez Martínez (AV).
- D. Ramón Maceira Giadanes (AV).
- D^a M^a Dolores Silva Núñez (PP).
- D^a Vanessa Domínguez de la Iglesia (PP).
- D. Jorge Platas Casal (PP).
- D. Antonio Javier Corredoira Alfonso (PP).
- D. Jaime Cástor Núñez Cartelle (PP).
- D^a M^a del Carmen Acuña do Campo (PSdeG-PSOE).
- D. Jesús Fernández Díez (PSdeG-PSOE).

Non asiste:

- D. Iván Roca Cruz (BNG), quen comunicou a súa ausencia ó estar fóra do termo municipal.

Da fe dos acordos tomados, M^a Pilar Cela Álvarez, secretaria accidental do Concello. Faise constar que está tamén presente o interventor accidental do Concello, Jacobo Molina Sáenz.

A sesión constitutiva convocouse por Decreto da Alcaldía nº 2023003112, de 14 de xuño, e conforme do disposto pola Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral, desenvolverase do xeito seguinte:

- 1º.-** Constitución da Mesa de Idade e comprobación das Credenciais das e dos concelleiros electos, previa acreditación persoal e de conformidade coas certificacións recibidas remitidas pola Xunta Electoral de Zona da Coruña.
- 2º.-** Toma de posesión dos cargos de concelleira ou concelleiro, previo xuramento ou promesa de acatamento á Constitución e ás Leis do Estado.
- 3º.-** Declaración de constitución da Corporación Municipal de Oleiros.
- 4º.-** Dar conta do arqueo e posta a disposición do inventario de bens municipais a efectos de que os cargos electos poidan proceder a súa comprobación documental.



5º.- Elección de alcalde ou alcaldesa.

6º.- Toma de posesión do cargo de alcalde ou alcaldesa, previo xuramento ou promesa de acatamento á constitucións e ás Leis do Estado.”

A secretaria accidental do Concello, Dª Mª Pilar Cela Álvarez, abre a sesión sinalando que hoxe se procede á constitución da Corporación para o mandato 2023-2027 e a elección do alcalde, se é o caso.

De seguido, comunica que vai proceder á comprobación das credenciais e identidade dos membros electos, realizando este tramite que se completa de xeito satisfactorio cos e coas asistentes a esta sesión de constitución da corporación municipal.

Rematado o trámite, comunica que o concelleiro electo pola Candidatura do Bloque Nacionalista Galego (BNG), D. Iván Roca Cruz, comunicou a súa imposibilidade de poder asistir hoxe á mesma.

Punto 1.- Constitución da Mesa de Idade e comprobación das Credenciais das e dos concelleiros electos, previa acreditación persoal e de conformidade coas certificacións recibidas remitidas pola Xunta Electoral de Zona da Coruña

En cumprimento do que dispón o artigo 195 da Lei orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do réxime electoral xeral, queda constituída a mesa de idade polos seguintes concelleiros:

- D. **Ángel García Seoane**, como membro electo de maior idade, que asumirá a presidencia da mesa.
- D. **Pablo Cibeira Taboada**, como membro electo de menor idade, que actuará como vogal.

Realiza funcións de secretaria, Dª Mª Pilar Cela Álvarez, secretaria accidental do Concello de Oleiros.

A secretaria da Corporación dá conta que os concelleiros e concelleiras electas formalizaron a presentación das súas declaracións de intereses podendo comprobar igualmente as credenciais de cada un dos membros electos cotexándoa co seu documento nacional de identidade, co que cumpren co disposto no artigo 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, polo que poden tomar posesión do seu cargo.

Punto 2.- Toma de posesión dos cargos de concelleira ou concelleiro, previo xuramento ou promesa de acatamento á Constitución e ás Leis do Estado

Da orde do Sr. Presidente eu, secretaria, poño de manifesto que tódolos membros electos da Corporación asistentes a esta sesión de constitución da nova corporación cumpriron cos trámites legais necesarios polo que poden tomar posesión do seu cargo.

A toma de posesión ten lugar mediante o xuramento ou promesa polo membro electo de acatamento da Constitución Española de acordo coa fórmula establecida polo Real Decreto nº 707/1979, de 5 de abril.

De seguido eu, secretaria, procedo a ler á sinalada fórmula:



"¿Xurades ou prometedes, pola vosa conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de Concelleira/o, con lealdade ó Rei e gardar e facer gardar a Constitución, como norma fundamental do Estado?."

Realizado este trámite eu, secretaria, procedo ó chamamento dos membros electos de conformidade coa certificación expedida pola Xunta Electoral de Zona de A Coruña e pola orde que se sinala na relación transcrita no encabezado desta acta, dando lectura a cada un dos membros corporativos a fórmula citada de toma de posesión do cargo que se relacionan:

- D. Ángel García Seoane (AV), contestando 'si, prometo'.
- D^a M^a José Varela Neira (AV), contestando 'si, prometo'.
- D^a Margarita Figueroa Vázquez (AV), contestando 'si, prometo'.
- D. Pablo Cibeira Taboada (AV), contestando 'si, prometo'.
- D^a Aurora Belén Taboada Casal (AV), contestando 'si, prometo'.
- D^a M^a Teresa Vázquez Maseda (AV), contestando 'si, prometo'.
- D^a M^a José Santos Zas (AV), contestando 'si, prometo'.
- D. Antonio Molinos Marcote (AV), contestando 'si, prometo'.
- D^a Rosa M^a Méndez Gómez (AV), contestando 'si, prometo'.
- D. Jaime Rumbo Mosquera (AV), contestando 'si, prometo'.
- D^a Sandra Fernández Fernández (AV), contestando 'si, prometo'.
- D^a Marta M^a Martínez Martínez (AV), contestando 'si, prometo'.
- D. Ramón Maceira Giadanes (AV), contestando 'si, prometo'.
- D^a M^a Dolores Silva Núñez (PP), contestando 'si, xuro'.
- D^a Vanessa Domínguez de la Iglesia (PP), contestando 'si, xuro'.
- D. Jorge Platas Casal (PP), contestando 'si, xuro'.
- D. Antonio Javier Corredoira Alfonso (PP), contestando 'si, xuro'.
- D. Jaime Cástor Núñez Cartelle (PP), contestando 'si, xuro'.
- D^a M^a del Carmen Acuña do Campo (PSdeG-PSOE), contestando 'si, prometo'.
- D. Jesús Fernández Díez (PSdeG-PSOE), contestando 'si, prometo'.

Ó terse realizado por tódolos membros da Corporación asistentes o trámite do xuramento ou promesa, tódolos membros da Corporación asistentes adquiren plenamente a súa condición de concelleiros e concelleiras con tódolos dereitos e deberes propios do seu cargo.

Punto 3.- Declaración de constitución da Corporación Municipal de Oleiros

Logo de comprobar que concorre o quórum da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación que esixe o artigo 37.4 do R.O.F., declárase por min secretaria constituída a Corporación municipal.



Punto 4.- Dar conta do arqueo e posta a disposición do inventario de bens municipais a efectos de que os cargos electos poidan proceder a súa comprobación documental

A secretaria informa ás e ós concelleiros presentes de que tanto a secretaría xeral, coma a Intervención e Tesourería do Concello, teñen preparados e a disposición dos membros electos a acta de arqueo extraordinario de Caixa, co estado dos valores e fondos do Concello, asinadas o 15 de xuño de 2023 polo Sr. alcalde en funcións, o Interventor e maila Tesoureira accidentais da Corporación, transcribíndose a continuación:

ACTA ARQUEO CONCELLO DE OLEIROS	
Existencias en Caixa Corporación	967,51 €
Existencias en contas bancarias	17.827.919,47 €
Avais consignados	8.741.500,82 €
Total	26.570.387,80 €

Así como o estado do inventario de bens, que está constituído por sete tomos engadidos os bens inmoables de titularidade municipal e tamén como anexos, as cesións de viais e o patrimonio municipal do solo, de acordo co informe da secretaría xeral, de data, 13 de xuño de 2023.

Punto 5.- Elección de alcalde ou alcaldesa

Por min, secretaria, pregúntase se algunha candidatura electa postúlase para a elección de alcalde, respondendo de xeito afirmativo o Sr. García Seoane; en consecuencia, proclamo como candidato á alcaldía do Concello de Oleiros a:

- **D. Angel García Seoane**, pola Candidatura Electoral de “Alternativa dos Veciños”.

De seguido, pregunto se hai algunha concelleira ou concelleiro están en contra que a votación se realice a man erguida por candidatura e ó non amosar ningún dos membros electos da Corporación o seu rexeitamento a esta modalidade de votación, procederase á mesma sendo a votación ordinaria de man erguida, computándose o resultado seguinte:

- **Trece (13) votos a favor**, correspondentes ós concelleiros e concelleiras de “Alternativa dos Veciños” (D. Ángel García Seoane, D^a M^a José Varela Neira, D^a Margarita Figueroa Vázquez, D. Pablo Cibeira Taboada, D^a Aurora Belén Taboada Casal, D^a M^a Teresa Vázquez Maseda, D^a M^a José Santos Zas, D. Antonio Molinos Marcote, D^a Rosa M^a Méndez Gómez, D. Jaime Rumbo Mosquera, D^a Sandra Fernández Fernández, D^a Marta M^a Martínez Martínez e D. Ramón Maceira Giadanes).



- **Sete (07) votos en contra**, correspondentes ós concelleiros e concelleiras do Partido Popular (D^a M^a Dolores Silva Núñez, D^a Vanessa Domínguez de la Iglesia, D. Jorge Platas Casal, D. Antonio Javier Corredoira Alfonso e D. Jaime Cástor Núñez Cartelle) e á concelleira e concelleiro do PSdeG-PSOE (D^a M^a del Carmen Acuña do Campo e D. Jesús Fernández Díez).

Punto 6.- Toma de posesión do cargo de alcalde ou alcaldesa, previo xuramento ou promesa de acatamento á constitucións e ás Leis do Estado.

Ó acadar un dos candidatos un número de votos equivalente á maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, por aplicación do artigo 196 da Lei Orgánica 5/1985 queda proclamado como alcalde do Concello de Oleiros D. **Ángel García Seoane**, quen recibe o bastón de alcalde de mans de dous dos seus netos.

A continuación eu, secretaria, procedo a dar lectura á fórmula de xuramento ou promesa de acatamento da Constitución ó alcalde electo:

"¿Xurades ou prometedes, pola vosa conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de alcalde, con lealdade ó Rei e gardar e facer gardar a Constitución, como norma fundamental do Estado?."

Ó que ó Sr. García Seoane este responde afirmativamente "sí, prometo"; tomando posesión do seu cargo de seguido xa con tódolos dereitos e deberes que lle son inherentes, presidindo deste xeito e de forma oficial esta sesión plenaria.

O Sr. alcalde, D. **Ángel García**, toma a palabra, saudando ós e ás asistentes agradecéndolles que os acompañen neste acto de constitución da nova corporación e de elección de alcalde.

Hoxe hai 44 anos e 59 días desde que tomou posesión como concelleiro nas primeiras eleccións democráticas despois da ditadura, son xa 12 mandatos. A primeira como agrupación de electores denominada "Candidatura dos Veciños" e as seguintes xa como "Alternativa dos Veciños".

Desde o primeiro día que entrou no concello foi vítima de individuos indesexables de dentro e de fóra da Casa do Concello, que pretenderon amargarlle a vida, difamándoo, ameazándoo e poñéndoo na diana de todos aqueles especuladores e xente de mal vivir que pululaban por este concello, incluso amparados por elementos que pertencían ás diferentes administracións estatais.

A pesares disto, "Alternativa dos Veciños" gobernou seis mandatos en minoría, coas dificultades que conleva, o que levaba á desesperación dos seus rivais políticos aumentando as difamacións cara a súa persoa, porque o gran obxectivo era rematar con él. Foi criminalizado por defender a seguridade dos usuarios da praia de Sta. Cristina e apartado do cargo de alcalde que o pobo lle outorgara, o que non puideron foi rematar con él, nin coa "Alternativa dos Veciños" que era o final a súa pretensión, porque seguiron gobernando e xestionando.

De volta no ano 2003, despois do calvario que lle fixeron pasar, a forza de "Alternativa dos Veciños" medrou en vez de minorar, acadándose cinco maiorías absolutas consecutivas, desde o ano 2007, o que provocou que elevaran o ton de manobras contra a súa persoa, padecendo graves difamacións en prensa e xulgados, nas que



incluíron a membros da súa familia directa, en concreto a súa dona e a súa irmá. Valíalles todo, pero foron todas arquivadas; tamén quixeron actuar sobre a legalidade da súa propia vivenda construída nunha parcela urbana, pola que tivo que pagar gastos de urbanización por un importe elevado e como iso non o acadaron, denunciárono por sobrepasar 80 cm. nunha esquina da construción, alegando que invadía a zona de Costas e aínda que os seus avogados aconselláronlle que non fixera caso, decidiu rematar con toda esa infamia e tirou, non so 80 cm. senón toda a fachada posterior da súa vivenda que dá ó mar, ocasionándolle un gasto de 60.000 €. Aínda así e con tódolos atrancos que tentaron poñerlles, seguiron acadando maiorías cada vez máis amplas, despois deste tema coa súa vivenda, pasaron de 11 a 14 concelleiros, desoíndo o pobo de Oleiros a toda a maquinaria de difamación que ía contra a súa honra, chegou a ter unha morea de querelas, pensa que unhas 14, todas elas baseadas en difamacións porque foron gañadas todas e a única que perdeu, aínda que non se sostiña, foi a da praia de Sta. Cristina, por defender a praia, incríble.

Fixéronlle pasar un auténtico calvario, tamén a súa familia, que lograron superar porque ó final tanto a familia coma os e as amigas son fundamentais na vida e aí ten que salientar a dous piares moi importantes na súa vida, convencéndoo para aguantar e non marchar para casa, esas dúas persoas están hoxe aquí presentes, son M^a José e Marga; Marga e M^a José, sen elas non houbera resistido, foron o seu apoio constante na política.

O derradeiro caso contra a súa persoa que seguen alentando é o da “Casa Carnicero” e os tres partidos representados nesta Corporación; o BNG, hoxe ausente, o PP e o PSOE elevaron ó Parlamento Galego o debate da “Casa Carnicero”, dicindo que o alcalde está a incumplir a lei ¿Qué Casa Carnicero?, era unha ruína e un perigo, porque podían caer cascotes ós cidadáns que pasaran preto dela e como alcalde, a súa obriga é velar pola seguridade dos peóns tomando medidas ante a predición meteorolóxica dun vendaval, porque non se debe esquecer que isto produciuse durante o mes de decembro.

Ó longo destes corenta anos acadaron que Oleiros sexa o concello máis singular e distinto de Galicia e en parte do Estado, iso máis que lle pese ós seus inimigos; “Alternativa dos Veciños” é un faro onde se miran todos aqueles que queren facer política de verdade, política da boa.

Existe un alcalde, o de Arteixo, que nun determinado intre tiveron un enfrontamento aínda que agora xa se amigaron porque recoñeceu que non tiña razón. Este alcalde cando accedeu á alcaldía veu durante catro anos a asesorarse aquí con nós informándoo de todo. Si, un alcalde do Partido Popular, pediulles memorias, proxectos, etc. e déronlle todo, e hai que recoñecerlle que fixo un bo traballo e de feito, así foi recoñecido nestas eleccións polo pobo de Arteixo. Dicía que por diferentes temas sen importancia chegaron a rifar e o outro día tivo a honra de esperalo diante da Deputación Provincial da Coruña e se desculpar, acto que fala moito e ben da súa persoa e esas cousas gústanlle, unha persoa que recoñece o seu erro pedindo disculpas e, como non podería ser doutro xeito, tendeuille a súa man.

Centos de homes e mulleres de “Alternativa dos Veciños” das distintas parroquias traballaron a reo e colaboraron para dotar a Oleiros de centos de quilómetros de redes de auga e sumidoiros, de beiravías e



beirarrúas, de carril-bici, de parques, de casas do pobo, instalacións deportivas, escolas, centros de saúde, bibliotecas, novos accesos, 44 anos traballando para facer Oleiros, non o fixo él, o fixo a meirande parte das persoas que hoxe están aquí, máis outros que están na súa casa e outros que desgrazadamente non están, que traballaron para acadar todo o que é Oleiros, foi moi importante porque antes xa dixo, algunhas das persoas que loitaron por isto lamentablemente xa non están connosco, pero eles foron os verdadeiros artífices do que hoxe é Oleiros, xunto cos que están aquí.

Centos de entidades, clubs, sociedades ó longo de todo o concello coas súas actividades, elevando a vida social, cultural e deportiva da veciñanza; colaborando para facer unha vida mellor para a xuventude e para os maiores; unha morea de sociedades ademais dos de “Alternativa dos Veciños” que fan un traballo marabilloso a prol da xente nas centos de actividades programadas, porque foron quen de poñer en funcionamento todo este tecido social gracias por suposto ás innumerables infraestruturas creadas durante todo este tempo.

Nesta nova etapa, que seguramente non estará exenta de sobresaltos, abordaranse novas infraestruturas e tamén apostarán por manter todo o feito ata este intre, porque de nada vale crear se logo se abandonan e se deixan esmorecer.

Dicía que nesta vindeira etapa reclamarán e loitarán por unha nova ponte pasaxe, abordarán a construción dun auditorio que hai once anos un mal chamado socialista bloqueouno, despois de estar contratada a obra, tendo que indemnizar á empresa concesionaria con 100.000 € e non está contra o PSOE de Pedro Sánchez, que conste. Seguindo cos proxectos que teñen previsto abordar, levarán a cabo a senda costeira de Naval a Canide; a construción dun novo polideportivo cuberto en Nós; farán realidade un museo que acolla toda a obra que doaron a este concello diferentes artistas, unha obra que ten un valor de centos de miles de euros en arte, máis de 200 cadros gardados de pintores importantes, existe na actualidade unha intención por parte da viúva do pintor Felipe Criado de facer un convenio con este concello para legar 50 cadros del, ademais dos máis de 200 cadros ós que aludiu antes xunto con esculturas, xoias, etc. levando a cabo ese museo, que constará de diferentes salas onde se poderá desfrutar da arte acumulada neste concello e que, insiste, foi obxecto de doazón.

Demandarán a continuidade do paseo desde Beiramar ó Concello de Cambre, porque lles enganaron dicíndolles que se chegaría a Cambre camiñando e resulta que agora hai que parar na metade do camiño, teñen previsto facer unha zona verde que é onde están a depositar os lodos extraídos da ría e resulta que non se pode acceder a ela senón é nadando ou en barca, absurdo.

Mellorarán a subministración da auga en Nós, porque construírase un depósito que facilitará e mellorará a subministración de auga a Nós e Iñás, tamén a zonas do Concello de Cambre, que conta con verdadeiros problemas de subministración de auga porque non ten depósitos de auga, mentres que en Oleiros existen 11.

Demandarán a continuidade da Vía Ártabra, un despropósito de proxecto que houbo que parar porque un concelleiro de Cambre non a quería porque lle pasaba moi preto da súa finca presentando un preito á Xunta de



Galicia, o que gañou porque ó parecer a obra foi adxudicada por un Director Xeral, cando debería ser o Consello da Xunta de Galicia quen tiña que facelo pero é que ademais, as deficiencias no proxecto foron múltiples, ó non ter en conta a rede de gas Ferrol-Pontevedra, nin tampouco a rede de alta tensión que pasa tamén polo trazado. Como dixo antes un verdadeiro despropósito, espera que a obra sexa unha realidade canto antes porque é unha actuación das máis necesarias para a comarca da Coruña, unha vía que conectaría a varios concellos sen ter que pasar por Alfonso Molina nin pola Ponte Pasaxe; reclamarán a dotación de area para o Porto de Sta. Cruz, xa llo teñen prometido desde hai tempo pero que non dan feito e reurbanizarán Sta. Cristina. En definitiva, estes por enriba son os grandes proxectos para este mandato sen esquecer o mantemento das infraestruturas e traballo diario que hai que abordar con regularidade.

No nome da “Alternativa dos Veciños” quere agradecer a confianza e o apoio prestado por unha maioría de veciños e veciñas ó longo de catro décadas, un recordo agarimoso a aqueles que tanto aportaron e que xa non están connosco, unha inmensa gratitude ós que levan décadas apoiándolles e moitas grazas tamén ós que viñeron recentemente a este concello e que en gran número votaron a “Alternativa dos Veciños” porque do contrario non houberan sacado o resultado acadado, insistindo en que esa campaña de difamación que aludiu ó inicio da súa intervención, foi extensible tamén á “Alternativa dos Veciños” porque non aparecían nos medios e cando aparecían era para desmobilizar ós seus votantes, que si en Culleredo non sacarían nada; en Cambre pouco máis do mesmo ou en Oleiros, non vaian votar porque teñen votos de sobra. Enquisas encargadas polos propios partidos un deles o alcalde de Culleredo que, ó final, levou un revés importante, non así outros alcaldes socialistas como os de Miño ou Pontedeume polo tanto e para rematar, grazas a todas e a todos, o éxito e voso, él como gran faixador esquiva os golpes e non sabe ata cando durará pero ante a pregunta se ía retirarme e ante os acontecementos que se prevén e a dereita governe este país, Ángel García Seoane non se retira, grazas de corazón, saben onde está e a súa disposición.

Toma a palabra a cabeza de lista do **Partido dos Socialista de Galicia-PSOE** (PSdeG-PSOE), D^a **M^a del Carmen Acuña do Campo**, dando os bos días ás e ós presentes, salientando que desde o grupo municipal socialista queren en primeiro lugar felicitar á cidadanía que foi votar o pasado día 28 de maio, porque votar é un dereito e un deber irrenunciable, por iso preocúpalles a elevada abstención, porque non pode ser que unha metade decida sobre o todo.

Recoñecemos e aceptamos a maioría absoluta de “Alternativa dos Veciños”, aínda que a lamentamos pois vai supoñer para Oleiros catro anos con mais do mesmo, máis se cabe co que rematamos de escoitar agora mesmo co discurso do alcalde, un discurso vitimista e lastimeiro de todos contra min, o de sempre.

Por suposto, queren agradecer ás persoas que lles votaron e a confianza depositada na súa candidatura, confianza que non van defraudar porque son o Partido Socialista, o mesmo que desde o goberno do Estado foi quen de superar unha pandemia que, por certo algúns negaban, xestionando para que Oleiros contara coas



vacinas que necesitaba a veciñanza; poñendo en marcha os ERTES para que ningún quedara sen emprego e para que a economía resentírase o menos posible nesas duras circunstancias e que ningún quedara atrás.

Non poden defraudar ós veciños e veciñas de Oleiros, porque son o mesmo Partido Socialista que dende o goberno do Estado, a pesar de todo, subiulle ós veciños e veciñas de Oleiros as súas pensións; 322.000 persoas na provincia da Coruña estanse a beneficiar desa subida a día de hoxe.

Goberno que foi quen de subir o salario mínimo, de facer a reforma laboral, de rematar coa precariedade laboral, de incrementar as becas de estudo, de crear o ingreso mínimo vital, do que se benefician por certo só na provincia da Coruña case 34.000 persoas, e somos o mesmo goberno socialista que lexislou para incrementar os dereitos e as liberdades dos oleirenses tanto para vivir coma para morrer, coa lei da eutanasia.

Todo isto sen esquecer a economía, pois no contexto de guerra e pandemia a xestión socialista logrou que España teña agora mesmo a metade da inflación que ten a Unión Europea, un 3 fronte ó 6% e ademais logrou 177.000 millóns de euros en fondos europeos para axudar a saír da crise.

O seu grupo municipal non vai defraudar ós seus votantes nin ós demais veciños e veciñas porque vai traballar dende o primeiro día con respecto, cos modos e modais que se merece este concello, evitando a confrontación, a crispación ou o insulto, apostando polo dialogo para tratar de mellorar o que estea mal en Oleiros, porque Sr. Garcia en Oleiros existen cousas mal.

Unha vez máis, viu hoxe aquí co seu discurso, tratando de venderlles o seu libro “Oleiros Guapo”, pero non llo van mercar, pois o seu libro ten moi pouco texto. Oleiros non é guapo se é desigual, teñen que rematar cos dous oleiros, o da costa mimado e do interior esquecido e sen os mínimos servizos; hai que rematar coa maltratada Santa Cristina e para iso van traballar a reo dende a oposición.

Oleiros só é guapo se ten calidade de vida e esa calidade está en perigo se non se resolve o problema da mobilidade, os atascos que viven a diario as veciñas e veciños, non se pode circular hoxe con 37.000 mil habitantes polas mesmas estradas que cando había só 7.000.

E a calidade de vida en Oleiros está en perigo se continua con ese furor construtor, non se poden facer casas e casas sen xeito senón medran os servizos ó mesmo ritmo e de xeito paralelo. Queren rematar co urbanismo excluínate que bota fóra a fillos e fillas e ás familias de toda a vida de Oleiros, para que entren só os que teñen contas con moitos ceros nos bancos.

Van traballar dende a oposición para que Oleiros sexa sostible económica e medioambientalmente, para poñer a Oleiros no futuro, apostando sempre polas novas tecnoloxías e polas enerxías renovables e van traballar con gañas e con ilusión, tanto para aquelas persoas que confiaron nos socialistas dándolles o seu voto, coma para os que escolleron outras opcións.

Sr. Garcia Seoane, estes son algúns dos motivos que explican o voto en contra da súa elección e hai máis, pero sobre todo hai un moi obxectivo e evidente, que vostede tratou hoxe de darlle a volta para convertelo nalgo positivo, pero despois de 40 anos calquera proxecto esgótase e o líder chega a endiosarse, chámese como se



chame, ese líder remata por pensar que o concello é él e que o concello é del, algo moi alonxado do que eles entenden por democracia.

Tivo hoxe a oportunidade de demostrarlle ós veciños e veciñas de Oleiros que o que eles din non é certo, podería ter aproveitado a súa intervención para anunciar neste inicio de mandato que ía democratizar a vida municipal, desbotou a oportunidade de comprometerse a modificar o Regulamento Orgánico Municipal, o ROM vixente dende o ano 2011, para permitir a incorporación na vida do concello a todos os grupos políticos municipais, porque eles non son inimigos Sr. García Seoane, son rivais políticos e non o perseguen, aportan ideas e fiscalizan a súa actuación que é para o que foron elixidos polos cidadáns.

Non se entende que un Concello deste tamaño tan só celebre un pleno ó mes, nin que non teña as necesarias comisións sectoriais onde todos os grupos estean representados e poidan opinar. Democratice tamén Sr. García a emisora municipal “Radio Oleiros” para que deixe de ser só do alcalde e sexa a de todos e todas as veciñas, tamén daqueles como ela, que non son da Alternativa que os hai, e máis dos que vostede pensa.

Demostre pola vía dos feitos a todos e a todas Sr. García Seoane, que están equivocados e que efectivamente vostede é un rexedor progresista e realmente demócrata. Grazas e bo día.

Remata a quenda de intervencións a cabeza de lista do **Partido Popular (PP)**, D^a **M^a Dolores Silva**, en representación da súa candidatura aproveitando para saudar á veciñanza presente na sesión de constitución, ós e ás compañeiras da nova corporación e ó persoal do concello asistente.

En primeiro lugar quixera agradecer a todos aqueles cidadáns de Oleiros que confiaron no Partido Popular nas pasadas eleccións municipais e o seu respecto a aqueloutros veciños que con toda a súa lexitimidade optaron por outras opcións políticas e a aqueles que tendo dereito a voto, decidiron por algún motivo no facelo.

Dito isto, quixera felicitar a tódalas formacións políticas polos resultados obtidos nas urnas e ó Sr. García Seoane, tanto a súa persoa coma a Alternativa dos Veciños como formación política pola maioría obtida, pero chegou o intre de pasar das palabras ós feitos.

Lamenta profundamente escoitar do noso alcalde que segue enraizado no odio e na confrontación. Sorpréndelle que aquilo que tanto di ter sufrido decida agora facelo cos membros da oposición, tendo o exemplo no anterior voceiro do seu grupo político e, por outra banda, aplaude o loable xesto do alcalde de Arteixo, como remata de contar o Sr. García Seoane, pero sinte que non tomase exemplo dese nobre xesto e aproveitara para pedir desculpas despois de terse pasado catro anos deste derradeiro mandato atacando e criticando ó alcalde de Arteixo cando non tiña motivo, nin tampouco viña a conta cando se estaban a tratar temas nos plenos de Oleiros. De tódolos xeitos, é loable que se cheguen a amigar de novo e que volva a cordialidade entre ambos.

A cidadanía espera dos seus representantes máis cercanos, solucións e respostas ás súas inquedanzas e ós seus problemas, por iso gustaríalle que ó longo do mandato, desde o respecto e o deber de servizo público, a pesares de ter posicionamentos políticos distintos, lexítimos pero distintos, que haxa amplitude de miras poñendo as necesidades da veciñanza, das persoas, por riba das disputas políticas e para iso queda aí hoxe o seu



compromiso, porque téñeno claro, están en política para propoñer, para aportar ideas e solucións ós problemas municipais para iso Sr. alcalde, compañeiras e compañeiros de corporación, téndenlles a man.

Se queren, aínda con posturas ideolóxicas distintas, está convencida de que poderán atopar puntos de encontro, un terreo común no seu compromiso de servizo público, porque o dixo e o mantén, se unha idea ou proxecto é bo, se unha proposta é sensata, se ven solucionar un problema ós veciños, o Partido Popular estará disposto a apoialo, propoña quen o propoña se é bo para Oleiros, contará co seu apoio.

Á oposición correspóndelle controlar democraticamente ó goberno, farano poñendo enriba da mesa aquelas cuestións que quedan pendentes, aqueles problemas a resolver e aquelas actuacións que se fan mal ou poderían terse feito mellor, con firmeza pero con respecto e lealdade institucional arrinca este novo mandato, aceptaron xurando ou prometendo o cargo, con compromiso e con responsabilidade coa veciñanza; compañeiras e compañeiros da corporación, esteamos á altura do que Oleiros merece. Nada máis e moitas grazas.

Para rematar a quenda de intervencións, o alcalde Sr. **García Seoane**, quere matizar algunhas delas porque van en contra da realidade. A vítima e o maltratado foi él, porque os ataques eran contra él e pon como exemplo que estes mesmos días repartíronse polos buzóns das vivendas panfletos difamatorios cara a súa persoa e a súa familia, unha inquina que non ten defensa de ningún tipo.

Sobre as vías de comunicación, a Ponte Pasaxe ou o proxecto da N-VI do cruce do do Sol y Mar é a día de hoxe unha realidade pola loita e perseveranza deste goberno municipal e a sensación que ten é que Oleiros está esquecido, porque cando viaxa por Galicia ve estradas marabillosas; a circunvalación de Santiago de Compostela, que está rodeada de entradas e saídas e aquí téñenos pechados e ningún goberno nin do PP nin do PSOE, preocupáronse por resolver esta problemática da gran área metropolitana da Coruña, cunha poboación de preto de 500.000 persoas. Ó igual que o alegado sobre o acceso á vivenda, xa dixo en máis dunha ocasión que desde o franquismo, ó que combateu toda a súa vida, non se fixeron vivendas de protección, suprimindo tamén as axudas ás persoas máis desfavorecidas para mercalas; aprobouse unha lei de vivenda que non se sabe ben si se vai poder levar adiante ou non, pero é que van xa máis de 40 anos e ninguén fixo política de vivenda nin uns nin outros, a política de vivenda en Oleiros foi a do seu goberno municipal, con 752 vivendas de protección e para rematar, á alusión de que teñen un proxecto esgotado, dicirlles que se a igrexa leva 2.000 anos de existencia, moitos anos quedánlle aínda a “Alternativa dos Veciños”, nada máis e grazas.

Sen máis asuntos que tratar o alcalde dá por rematada a sesión ás 13.05 h. deixando constancia dos acordos tomados e do acontecido estendo esta acta en once (11) páxinas e eu, como secretaria, certifico. Dou fe; Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na propia sinatura da secretaria accidental e co visto e prace do alcalde.

